



NOTA INTERIOR

DE: XEF. TERRIT. DA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
SERVIZO DE XESTION CULTURAL

PARA: XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SERVIZO DE CONSERVACION DA NATUREZA DE PONTEVEDRA

N/Exp.: 1148/2019

S/Exp: Cortas Monte Aloia – Nota interior do 06.05.2019

Asunto: Expediente de corta de madeira en Monte Aloia, concello de Tui.

En contestación a súa nota interior de data 06.05.2019, sobre corta de madeira, promovida por Servizo de Patrimonio Natural, infórmolle que na autorización que se está a tramitar nese servizo deberán incorporarse as seguintes condicións en materia de protección do patrimonio cultural:

- No caso de que dentro do ámbito do traballo haxa xacementos arqueolóxicos, e coa finalidade de minimizar riscos e evitar afeccións, deberá presentarse un proxecto de control arqueolóxico dos traballos para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de acordo ao Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula actividade arqueolóxica en Galicia.
- No suposto de que existan xacementos arqueolóxicos limítrofes ao ámbito da actuación, deberán ser balizados por un arqueólogo con estacas de madeira e cinta de obra (ou ben algún método permanente), que deberá permanecer mentres duren os traballos e retirarse unha vez finalizados. O arqueólogo que proceda ao balizado deberá remitirle a esta xefatura territorial certificación de ter realizado o balizamento.
- A roza será manual no contorno dos xacementos, nunha franxa de 10 m de ancho, medidos dende o límite exterior do xacemento. Nestas zonas estará vedado o tránsito de maquinaria, caída ou amoreamento de árbores. A roza nesta franxa será obrigatoria.
- Non se realizarán movementos de terra na superficie, nin pistas novas, empregándose as pistas existentes para as vías de saca de madeira.
- Ao redor dos xacementos non se farán moreas de leña.
- En xeral, respectaranse os afloramentos rochosos, tanto nos procesos de corta, como no de amoreamento dos restos deses traballos, evitando a súa alteración ou cubrición.

A directora xeral de Patrimonio Cultural

p.d.: Resolución do 09-01-2019

A xefa territorial de Cultura e Turismo

M^a José Echevarría Moreno

